

Apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación dos centros tecnolóxicos galegos

(IN607E)



Obxecto

Axudas para o **fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos** mediante o apoio á **creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación**.

Infraestruturas de investigación

Dedicadas a **proxectos de investigación con TRLs baixos orientados a actividades de I+D** independentes do centro, ou en colaboración con empresas, na procura da mellora da súa excelencia nun contexto internacional.

Infraestruturas de experimentación e ensaio (infraestruturas tecnolóxicas)

Enfocadas a **proxectos de innovación con TRLs altos** para apoiar ao tecido empresarial, especialmente ás pemes.

Obxectivos



- Facilitar o **crecemento dos centros** potenciando a súa excelencia no ámbito internacional.
- Reforzar as súas **actividades de transferencia cara o tecido produtivo**, especialmente pemes.
- Xerar **capacidades** nos ámbitos estratéxicos da RIS3 galega 2021-2027, potenciando as **sinerxías** e as **complementariedades** entre os centros do ecosistema galego de innovación.
- Xerar impacto tecnolóxico, económico e social.

Beneficiarios



Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia validamente inscritos, no momento da presentación da solicitude, no Rexistro Estatal de Centros (Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro).

Modalidade de participación



- A modalidade de participación é a **individual**, pero permítense solicitudes coordinadas entre 2 ou máis centros se presentan sinerxías e complementariedades entre elas.
- Un mesmo centro poderá **solicitar máis dunha axuda**.

Requisitos das infraestruturas



- Desenvolvemento de investigación e innovación avanzada, integrada e ordenada cos ámbitos de priorización da RIS3 Galicia 2021-2027.
- Enfoque cara as necesidades das pemes.
- Integración no Mapa de Infraestruturas Estratéxicas (InnovaRede) da Axencia Galega de Innovación.
- Cumprimento do principio de DNSH (Do No Significant Harm)
- Viabilidade técnica, económica e financeira.
- Resposta ás necesidades non cubertas en Galicia nos ámbitos clave da RIS3 dun xeito coordinado cos recursos actuais, xerando sinerxías e complementariedades coas novas infraestruturas.
- Acceso aberto a varios usuarios de xeito transparente e non discriminatorio. As empresas que financien alomenos un 10% dos custos de investimento, poderán beneficiarse dun acceso preferente en condicións máis favorables.

Apoio á creación e mellora de infraestruturas de investigación e de ensaio e experimentación dos centros tecnolóxicos galegos

Custos subvencionables



Son custos subvencionables os seguintes investimentos, sempre que estean vinculados á creación ou mellora das infraestruturas de investigación ou infraestruturas tecnolóxicas propostas:

Investimentos de activos materiais :

- Adquisición dos terreos (non máis do 10% do gasto total subvencionable da infraestrutura solicitada) e bens inmoables.
- Edificación e/ou instalacións para a construción, reforma ou acondicionamento de inmoables.
- Obra civil necesaria para o desenvolvemento de actividades de I+D+i ou para a construción ou a operatividade das infraestruturas.
- Adquisición de equipamento científico-técnico ou outros recursos, incluíndo montaxe, transporte, instalación e posta en funcionamento. O investimento en equipamento deberá ser como mínimo o 30% do orzamento total solicitado.

Investimentos de activos inmateriais:

- Adquisición de activos intanxibles relacionados directamente coas infraestruturas, como patentes ou licenzas ou outros dereitos de propiedade intelectual.

Non se considera subvencionable:



- Mobiliario de oficina, material funxible, custos de mantemento e reparación, equipamentos de segunda man, seguros, garantías, material bibliográfico, gastos de subscripción a publicacións ou acceso a bases de datos, formación non incluída nos prezos de adquisición, custos indirectos, IVE ou impostos similares recuperables.

Financiamento



Orzamento total da convocatoria:
10M€

Orzamento mínimo e máximo por solicitude:
450.000€ - 8.000.000 €

Axuda:
entre 25% e 50% en forma de subvención

Axuda máxima total por entidade:
4.000.000 €

Tipo de infraestrutura	Intensidade máxima		
Infraestrutura investigación	50%		
Infraestrutura de ensaio e experimentación (infraestrutura tecnolóxica)*	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
<i>Límites de intensidades xerais para infraestruturas de ensaio e experimentación</i>	45%	35%	25%
<i>No caso en que polo menos o 80% da capacidade anual da infraestrutura tecnolóxica se asigne a pemes**</i>	50%	40%	30%

Deben cumprir os requisitos relativos ao efecto incentivador (artigo 6 do Regulamento (UE) núm. 651/2014)

*No caso das infraestruturas tecnolóxicas os centros tecnolóxicos serán considerados como empresas na medida en que desenvolven actividades económicas

**Artigo 26 bis do Regulamento (UE) nº 651/2014: a intensidade máxima de axuda no caso das infraestruturas tecnolóxicas poderá incrementarse en 5 puntos porcentuais se adican polo menos o 80% da súa capacidade anual a ofrecer servizos a pemes

Criterios de valoración



Excelencia do centro	Traxectoria investigadora e grao de internacionalización Orientación a transferencia Capacidade técnica e económica	30%
Implementación da proposta	Carácter estratéxico Plan de explotación	40%
Impacto	Tecnolóxico Económico Social Indicadores propostos polo centro para a avaliación do impacto	30%

Máis información:

Nos teléfonos: 981 541 677 / 981 957 303
No correo electrónico: axudas.gain@xunta.gal